



Da orde baseada en regras á orde baseada no terror

Description

Sempre chamou a atención a inexistencia de alusión na devandita frase ao dereito internacional tantas veces empregado como ariete para xustificar aquelas decisións e intervencións, mesmo as chamadas “humanitarias”, que aquel mundo liberal hexemónico vía con bos ollos.

A definición de legalidade internacional e o seu marco institucional asociado evidenciaron esta finalidade de dar forma global a ese Estado de dereito que disciplina magnánimemente as nosas vidas ao amparo do respecto aos dereitos humanos.

É certo que, desde o seu inicio, foi criticada pola súa escasa capacidade para acadar os resultados esperados e moldear significativamente as preferencias e comportamentos dos Estados. Esta crítica adoita estenderse ao papel máis amplo dos ideais liberais como marco orientador da política internacional.

Por outra banda, a dobre vara de medir representou, lamentablemente, un atranco máis plausible canto máis potencias emerxentes e o Sur Global no seu conxunto demandan un maior compromiso coa paz e o desenvolvemento. O que está a suceder agora, con todo, con dous grandes conflitos abertos en Europa e Asia occidental, tratados de xeitos moi diferente, supera calquera límite imaxinado.

A pesar de todo, a razón de ser do dereito internacional segue sendo clara: malia as súas imperfeccións, o dereito internacional —e os distintos instrumentos e foros a través dos que opera— representa a mellor opción dispoñible para resolver pacificamente as controversias e desescalar calquera situación crítica desta natureza.

Os poderes democráticos son desde hai tempo defensores das normas liberais e promotores activos do cumprimento do dereito internacional, especialmente na era posterior á Guerra Fría. Agora, porén, os principais defensores do dereito internacional chegaron a confluír coa defensa da barbarie máis repugnante.

De certo, non é outra cousa que a versión xeopolítica do que, en termos económicos, comerciais ou tecnolóxicos, está asociado á fragmentación e ao desacoplamento con vistas a reproducir dinámicas que críamos desfasadas e que obedecen exclusivamente ao imperativo de salvagardar, a calquera prezo, a hexemonía. Así, as potencias occidentais recorreron ao unilateralismo e ao proteccionismo onde antes, porque lles conviña, avogaban polo multilateralismo e a globalización, tildando aos críticos daquela de rosmóns. Tanto enxalzar valores e ideais, morais e políticos, para ao final certificar que o único que realmente importa é quen gaña...

Israel e a complicidade da “comunidade internacional”

Israel nunca foi un estado que se distingue por ser respectuoso co dereito internacional. O que está a suceder agora, porén, transcende todos os límites.

A situación en Oriente Medio, en Gaza, Cixjordania, agora Líbano, Siria, etc. deteriorouse rapidamente. Os prolongados combates en Gaza son a causa principal desta rolda de inestabilidade en Oriente Medio. Ao non deter a Israel na súa cruzada xenocida, os dirixentes occidentais que, con maior ou menor disimulo, fan de abertos partidarios e cómplices, dan ás cada día á máis sinistra barbarie.

O conflito está a provocar un desastre humanitario sen precedentes e unha destrución masiva de instalacións civís, miles de vítimas e millóns de desprazados en Palestina, Líbano, etc. E todo indica que o número e o alcance seguirán aumentando.

Ninguén fixo o máis mínimo esforzo efectivo cara Tel Aviv para garantir que se respecten as liñas vermellas do dereito internacional humanitario e se garanta seriamente a protección dos civís. Ninguén. Os chamamentos da comunidade internacional a un alto o fogo inmediato parecen dirixidos á galería, pensando nas respectivas oposicións públicas, mentres que Israel, consciente de que ten carta branca, insiste en avanzar nas accións militares, o que provocou a prolongación e a escalada do conflito. Unha guerra a gran escala podería estalar en calquera momento. O terrorismo de Estado é hoxe a consigna de Israel. O terror como fundamento dunha nova orde.

A aprobación fáctica das súas actuacións polos principais países con influencia amosa o desinterese práctico por desempeñar un papel construtivo e evitar unha maior inestabilidade na rexión. Non hai o máis mínimo aprecio en traballar con urxencia por un alto o fogo completo e duradeiro. Os mesmos que esixían, por exemplo, a China que utilizase a súa hipotética influencia en Moscova para desescalada en Ucraína, presumen agora de viaxes á zona para calmar a ansiedade dos inxenuos ou chaman cinicamente para evitar unha escalada que teñen nas súas mans evitar. Ninguén se lembra dos reféns. Eles foron claramente a escusa.

Neste contexto, non existe un contrapeso efectivo nin unha oposición real a ningunha acción de Israel a pesar de que todo o mundo sabe que viola os principios básicos das relacións internacionais a diario e que alimenta o antagonismo e a escalada de tensións. Mesmo se permite criticar abertamente á ONU e ao seu secretario xeral Guterres, mentres este a duras penas intenta manter unha posición minimanente digna.

A morte do dereito internacional?

A impunidade de Israel animará aos estados a estar cada vez máis dispostos a utilizar a forza militar (ou variantes da mesma) como o seu principal medio para acadar os obxectivos de política exterior. Despois disto, que autoridade haberá para condenalos?

Noutras palabras, o uso da forza como mecanismo de resolución de diferenzas xa non é un tabú en comparación con momentos anteriores, mentres que os enfoques alternativos para resolver os conflitos a través de mecanismos legais e ancorados no dereito internacional parecen ter os días contados.

A existencia dun espazo significativo para o dereito internacional e as súas normas e mecanismos asociados para evitar colectivamente un mundo definido unicamente pola política de poder é unha demanda esencial.

A formación dunha coalición de potencias medias en apoio ao dereito internacional e as súas manifestacións institucionais, que reafirme a importancia do dereito internacional, a necesidade de resolver as disputas por medios pacíficos e a continuada relevancia da ONU e os seus órganos asociados, parece unha demanda tan inapelable como o universal reclamo dos máis diversos actores para pór freo aos excesos do estado terrorista de Israel.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa Rusia Nacionalismos Oriente Medio África Asia Estados Unidos Latinoamérica

ETIQUETAS

Orde
Israel mundial Xenocidio

INVESTIGACION

Relacións Internacionais Cooperación Internacional e Axenda 2030

Date Created

Outubro 31, 2024

Meta Fields

Autoria : 3717

Subtítulo : Orixinalmente publicado en Tempos Novos, outubro 2024